



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

Míguez, Vitor

Parámetros sintácticos e semánticos das alternancias obxecto/oblicuo: unha comparación
entre os complementos con en do galego e as construcións conativa e antipasiva

Estudos de Lingüística Galega, vol. 8, 2016, pp. 167-185

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305646595009>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

Parámetros sintácticos e semánticos das alternancias obxecto/oblicuo: unha comparación entre os complementos con *en* do galego e as construcións conativa e antipasiva

Vítor Míguez

Universidade de Santiago de Compostela
vmiguezreg@gmail.com

Recibido o 10/01/2016. Aceptado o 25/05/2016

Syntactic and semantic parameters of object/oblique alternations: a comparison between Galician complements with *en*, the conative alternation and the antipassive construction

Resumo

Nun número considerábel de linguas, existen operacións morfosintácticas que alteran a codificación do segundo argumento transitivo, de modo que este deixa de marcarse como obxecto e pasa a marcarse como oblicuo. Esta modificación da transitividade ten consecuencias semánticas, nomeadamente en relación co grao de efectividade do evento expresado polo verbo. Aínda que os detalles con que cada lingua materializa esta operación varían, hai pautas a nivel interlingüístico claramente identificábeis, sendo a principal delas a degradación sintáctica e semántica do segundo argumento. O propósito desta contribución é explorar liñas de converxencia entre as construcións das diferentes linguas, co obxectivo de poderen ser tratadas de maneira conxunta. Para isto, é preciso abstraerse dos pormenores das realizacións particulares. Deste modo, cada construción concreta revélase como a manifestación dunha operación máis xeral, moi estendida entre as linguas, de democión do segundo participante. No desenvolvemento deste artigo, trátanse as alternancias antipasiva e conativa e a construción con preposición *en* do galego, atendendo á súa sintaxe e semántica e examinando a relación destes esquemas gramaticais coa transitividade.

Palabras chave

Alternancia de diátese, complemento oblicuo, segundo argumento, semántica, sintaxe, transitividade

Sumario

1. Introducción. 2. Estrutura argumental e alternancias de diátese. 3. Tipoloxía das alternancias obxecto/oblicuo. 3.1. Alternancias obxecto/oblicuo en linguas acusativas. 3.2. Alternancias obxecto/oblicuo en linguas ergativas: a antipasiva. 4. Propiedades semánticas das alternancias obxecto/oblicuo. 4.1. Aspecto. 4.2. Afectación do segundo argumento. 4.3. Axentividade. 5. Conclusión.

Abstract

In a significant number of languages there exist morphosyntactic operations modifying the codification of the transitive second argument so that it is no longer marked as object and is marked instead by a preposition or oblique case. This modification of transitivity has semantic implications, especially concerning the degree of effectiveness of the event expressed by the verb. Although the details of this operation vary in each language, there are clearly identifiable cross-linguistic patterns, of which the principal one is the syntactic and semantic demotion of the second argument. This paper explores the possible alignment of constructions of different languages with the objective of treating them together. For this purpose, it is necessary to filter out the details of particular realization patterns. In this way, each particular construction is shown to be a manifestation of a widespread, more general operation demoting the second participant. This article looks at antipassive and conative alternations and the Galician construction with preposition *en*, taking into consideration their syntax and semantics and examining their relation to transitivity.

Keywords

Diathesis alternation, oblique complement, second argument, semantics, syntax, transitivity

Contents

1. Introduction. 2. Argument structure and diathesis alternation. 3. Typology of object/oblique alternations. 3.1. Object/oblique alternations in accusative languages. 3.2. Object/oblique alternations in ergative languages: the antipassive construction. 4. Semantic properties of object/oblique alternations. 4.1. Aspect. 4.2. Affectedness of the second argument. 4.3. Agentivity. 5. Conclusion.

1. INTRODUCCIÓN

O presente traballo estuda a sintaxe e a semántica das alternancias obxecto/oblicuo. Unha alternancia obxecto/oblicuo debe entenderse como a posibilidade de realización alternativa do argumento interno dun verbo ben como función sintáctica directa —o cal comprende as funcións de obxecto directo (OD), obxecto indirecto (OI) e absolutivo (ABS)— ben como función sintáctica indirecta —é dicir, complemento preposicional ou oblicuo (OBL)—. En concreto, analizaranse tres alternancias que, alén do movemento sintáctico sinalado, presentan uns efectos semánticos moi próximos. Trátase dos complementos transitivos con preposición *en* do galego e das construcións antipasiva e conativa.

A maioría destas construcións non adoitan pórse en relación, a pesar de existiren motivos para facelo. Esta contribución pretende desenvolver unha panorámica dos fenómenos amentados, co obxectivo último de consolidar estas alternancias como campo de estudo propio. Para isto, será preciso mostrar os puntos de converxencia e diverxencia entre as distintas linguas e propor unha folla de ruta para abordar a súa comparación interlingüística. Neste sentido, a hipótese fundamental é que as alternancias obxecto/oblicuo son operacións de degradación do segundo argumento, tanto do punto de vista sintáctico canto semántico. Deste xeito, pódese tratar de maneira conxunta os complementos transitivos con preposición *en* do galego e as construcións antipasiva e conativa.

Aínda que a realización de argumentos e as alternancias de diátese son asuntos obxecto de grande interese na lingüística actual, a atención prestada a estas alternancias é, no mínimo, modesta, se se compara coa recibida por outras configuracións sintácticas como a pasiva ou a media, ben estudadas nun número amplo de linguas. Mesmo en inglés, lingua exhaustivamente examinada, os estudos sobre a coñecida como alternancia conativa son escasos. A principal excepción a esta falta de atención ás alternancias obxecto/oblicuo represéntao a antipasiva, construción que beneficiou do crecente interese suscitado pola ergatividade durante as últimas décadas do século XX.

En galego, existe a posibilidade de que o segundo argumento de certos verbos sexa realizado como OD —ou OI, no caso dos poucos verbos cun segundo participante que toma esta función— ou, alternativamente, como un OBL constituído por un sintagma preposicional (SP) nucleado pola partícula *en*. Esta alteración das marcas adoita asociarse a lecturas durativas ou atéticas e a unha menor afectación do segundo participante. O interese polo fenómeno comeza a se manifestar a partir da década dos 90 do século pasado, aínda que a súa presenza é patente na maioría de tratados gramaticais desde Saco Arce (1868). A pesar de se tratar dun recurso moi singular entre as linguas románicas, os “complementos con *en*” continúan a ser practicamente descoñecidos fóra do ámbito da lingüística galega.

A alternancia conativa, por outra banda, foi identificada primeiramente en inglés, lingua para a que se observou que os obxectos dalgúns verbos transitivos podían tomar a forma de OBL introducidos pola preposición *at* ou, nalgúns casos, *on* (cf. Levin 1993: 41–42). Ademais, as análises propoñen unha diferenza de interpretación entre a forma con OD e a forma con OBL, estando esta última asociada a valores como os de tentativa e contacto errado ou a mudanzas no aspecto (vid. Adams 2001: 13–24). A partir dos traballos sobre o inglés, a alternancia conativa foi recoñecida noutras linguas como o alemán (Frense / Bennett 1996), o danés (Durst-Andersen / Herslund 1996), o persa (Ghomeshi / Massam 1994), o hebreo (Borer 2005: 91) e o warlpiri (Guerssel *et al.* 1985).

Pola súa parte, a antipasiva supón unha alteración das marcas dos dous participantes dunha situación transitiva, de modo que o primeiro argumento pasa do caso ergativo ao absolutivo e o segundo do absolutivo a un caso oblicuo. Esta construción foi estudada principalmente dun punto de vista sintáctico, como consecuencia do interese pola sintaxe ergativa. Porén, as súas características semánticas, cuxa variación interlingüística é recoñecida (Comrie 1978; Cooreman 1994; Polinsky 2013), continúan en boa medida aínda por descubrir. A isto hai que sumar a escaseza de datos de moitas linguas ergativas, derivada da comprometida situación sociolingüística da maioría delas e do eurocentrismo secular da lingüística.

En primeiro lugar, introducíranse os conceptos de alternancia diatéctica e estrutura argumental, básicos para comprender o funcionamento do fenómeno en cuestión. En segundo lugar, estableceuse unha tipoloxía sintáctica que clasificará en dous grandes grupos as alternancias tratadas, tendo en conta a súa diferente importancia estrutural. A seguir, consideráranse os principais factores semánticos implicados nas alternancias obxecto/oblicuo das diferentes linguas, a saber, aspecto, afectación do segundo argumento e axentividade. Por último, darase paso á conclusión.

2. ESTRUCTURA ARGUMENTAL E ALTERNANCIAS DE DIÁTESE

A alternancia de diátese ou de argumentos é, basicamente, a posibilidade de que os argumentos dun verbo sexan realizados por medio de diferentes expresións sintácticas. Por exemplo, a alternancia activa/pasiva, seguramente a máis coñecida, supón que o obxecto directo (OD) da forma activa do verbo pase a ser suxeito na forma pasiva, en tanto que o suxeito da activa é relegado á categoría de adxunto na pasiva.

- (1) a. A nena leu o libro.
- b. O libro foi lido (pola nena).

Outra manifestación notábel deste fenómeno son as alternancias obxecto/oblicuo, que conforman o centro de atención deste traballo. Mediante elas, un mesmo argumento toma a forma dunha función sintáctica directa —OD, OI ou ABS, no caso dos segundos argumentos—, sendo realizada na construción alternante como función indirecta ou OBL. Pode observarse este comportamento nos exemplos equivalentes de galego, (2), e inglés, (3).

- (2) a. O rato roeu o queixo.
- b. O rato roeu no queixo.
- (3) a. The mouse nibbled the cheese.
- b. The mouse nibbled at/on the cheese. (Levin 1993: 42)

Nos exemplos da serie (a), o segundo argumento é realizado como un sintagma nominal (SN) en función de OD, mentres que nas formas alternantes da serie (b) o mesmo argumento toma a forma dun SP en función de OBL.

Existe unha diferenza fundamental entre a alternancia en (1) e as de (2)-(3): en ambos os dous casos, atopamos configuracións sintácticas distintas, mais só no segundo se observa un contraste semántico. Trátase da coñecida distinción entre operacións morfosintácticas, que expresan unha mesma semántica mediante distintas formas sintácticas, e operacións morfosemánticas, que alteran o significado do predicado ao tempo que muda a configuración morfosintáctica (cf. Sadler / Spencer 2001). Neste último caso, o predicado pode ver alteradas algunhas das súas propiedades. Tómese como exemplo a alternancia causativa/incoativa, mediante a cal un verbo como *romper* pasa de ser un evento durativo externamente causado, (4a), a ser un evento puntual sen causa externa, (4b).

- (4) a. O rapaz rompeu a xanela.
- b. A xanela rompeu.

Para as alternancias obxecto/oblicuo adoitan identificarse este tipo de contrastes, referidos, nomeadamente, ao aspecto e á afectación (véxase máis abaixo 4.1 e 4.2, respectivamente).

O concepto de estrutura argumental, noción fundamental na lingüística moderna, serve de base para explicar as alternancias de argumentos. Esta noción representa as relacións entre un predicado e os seus argumentos, así como a realización estrutural destes. Destarte, a estrutura argumental achega a información mínima que un predicado require para dar lugar á súa estrutura sintáctica básica, ou ás súas estruturas sintácticas alternativas se for o caso.

Alsina (1996) caracteriza a estrutura argumental como un nivel de análise autónomo que representa os argumentos dun predicado, diferente da estrutura funcional —que representa as funcións sintácticas— e da estrutura de constituíntes —que representa as expresións morfosintácticas—. Estes distintos niveis de representación relaciónanse mediante principios que levan de argumentos a funcións sintácticas e de funcións sintácticas a expresións morfosintácticas. A aplicación de distintos principios de correspondencia ou mapeados é o que daría lugar ás expresións alternativas que encontramos nos exemplos anteriores. Desta maneira, a estrutura argumental é o nivel de análise que subxace ás alternancias de diátese.

Unha distinción chave para entender o fenómeno que aquí se estuda é a feita por Alsina (1996: 38-43) entre argumentos directos e argumentos indirectos: os primeiros posúen propiedades semánticas que permiten a asignación dun protorrol, en tanto que os segundos carecen de trazos que os identifiquen como protoaxente ou protopaciente (vid. Dowty 1991). Esta diferenza é fundamental do punto de vista sintáctico: os argumentos directos realízanse como funcións sintácticas directas, o cal lles garante o acceso a operacións e principios relacionados coa estrutura argumental, como os principios de mapeado: en troca, os argumentos indirectos realízanse como OBL ou funcións sintácticas indirectas e están excluídos de tales operacións e principios, de maneira que a súa relevancia nunha teoría da estrutura argumental é bastante marxinal.

En galego, as funcións sintácticas indirectas son os chamados complementos de réxime ou complementos preposicionais (e.g., *consistir en*, *contar con*), denominados aquí complementos oblicuos ou, simplemente, OBL. Os argumentos que só se poden realizar desta maneira —i.e., os argumentos indirectos— non posúen trazos semánticos como ser tema incremental, sufrir un cambio de estado ou estar causalmente afectado e, en consecuencia, non se lles pode asignar o rol de protopaciente típico dos segundos argumentos. Do mesmo modo, non poden ser suprimidos nin gozar de expresións alternativas mediante procesos de alternancia de diátese. Pola súa banda, as funcións directas posúen unha serie de trazos que as caracterizan fronte ás funcións indirectas, como son a posibilidade de ser obxecto de predicación secundaria, a expresión obrigatoria como clíticos cando se trata de pronomes persoais e a imposibilidade de correferencia con outras funcións directas, entre outras propiedades (cf. Alsina 1996: 150-160).

Esta distinción permite tratar de maneira conxunta distintas funcións sintácticas de diferentes linguas, o cal é esencial neste traballo. Cando falamos de alternancias obxecto/oblicuo, o primeiro elemento do par refírese ás funcións directas, ademais de á posición de segundo lugar argumental, mentres que con oblicuo identificamos, como xa se apuntou, as funcións indirectas. No primeiro caso, “obxecto” inclúe non só a función sintáctica OD, senón tamén a de OI¹, así como aqueles segundos argumentos marcados como ABS nas linguas ergativas. Desta maneira, podemos estudar como manifestación dun mesmo fenómeno as alternancias conativa (OD/OBL) e antipasiva (ABS/OBL), así como a construción con preposición *en* do galego, que permite a alternancia tanto con OD como con OI (OD-OI/OBL)². Estas diferentes posibilidades sintácticas serán detalladas no seguinte apartado.

3. TIPOLOXÍA DAS ALTERNANCIAS OBXECTO/OBLICUO

As operacións sintácticas tratadas neste traballo caracterízanse pola posibilidade de que un segundo argumento se realice alternativamente como función directa ou como función indirecta. As linguas en que se dá este fenómeno poden ter características moi variadas. O parámetro principal neste sentido é o aliñamento dos primitivos sintáctico-semánticos, que comezaron a empregarse, a partir de Comrie (1978) e Dixon (1979), para distinguir dous tipos básicos de lin-

¹ Os OI mostran os trazos anteditos propios das funcións sintácticas directas, comúns a OD e suxeitos. Para evidencias do catalán e do español véxase, respectivamente, Alsina (1996: 150-160) e Suñer (1988). Téñase en conta que o OI entra baixo a etiqueta de obxecto unicamente cando ocupa o segundo lugar argumental.

² É o que acontece cun grupo reducido de verbos —limitado, até onde sei, a *bater* e *pegar* no seu significado ‘golpear’— que seleccionan un OI como realización non marcada do seu segundo argumento (e.g., *batéronlle na festa*), o cal pode alternar con OBL nucleado por *en* (e.g., *bateron nel toda a tarde*). Cómpre dicir que exemplos como *batéronlle o lombo/batéronlle no lombo* son casos de alternancia OD/OBL (cf. *batéronllo/batéronlle nel*), aínda que no segundo caso tamén é posíbel, e seguramente máis frecuente, unha lectura locativa (cf. —Onde lle bateron? —Batéronlle no lombo/na cabeza...).

guas. Así, temos por unha banda as linguas nominativo-acusativas, ou simplemente acusativas, e, por outra banda, as linguas ergativo-absolutivas, ou simplemente ergativas. Este factor levou a tradición lingüística a tratar por separado as alternancias obxecto/oblicuo, como fenómenos distintos e non relacionados, dado o desigual efecto das mesmas sobre a sintaxe básica dos distintos tipos de lingua. Estas diferenzas son, como a seguir se explica, notorias, aínda que non impiden o tratamento conxunto das distintas construcións nin a identificación de liñas de converxencia entre elas.

3.1. Alternancias obxecto/oblicuo en linguas acusativas

As linguas acusativas caracterízanse por un sistema de marcaxe S/A vs. O. É dicir, marcan do mesmo xeito o participante único dos esquemas intransitivos (S) e o primeiro argumento dos transitivos (A), reservando unha expresión diferenciada para o segundo participante dos esquemas transitivos (O). Desta maneira, a realización alternativa do segundo argumento como función quer directa quer indirecta ten un impacto reducido no comportamento sintáctico dunha lingua acusativa.

O principal representante das alternancias obxecto/oblicuo nas linguas acusativas é a coñecida como alternancia conativa. Trátase dun fenómeno atestado nun número bastante reducido de linguas, entre elas o inglés (Levin 1993), o alemán (Frense / Bennett 1996), o danés (Durst-Andersen / Herslund 1996), o hebreo (Borer 2005: 91) e o persa (Ghomeshi / Massam 1994). Sirvan como ilustración os exemplos do alemán en (5).

- (5) a. Hans schlug den Mann.
'Hans golpeou o home'.
b. Hans schlug *nach* dem Mann.
'Hans golpeou *no* home'. (Frense / Bennett 1996: 309)

A alternancia conativa adoita vincularse a clases verbais, isto é, conxuntos de verbos que partillan certos trazos de significado e que mostran un mesmo comportamento sintáctico. Desta maneira, os verbos que participan dunha mesma alternancia deben pertencer a unha mesma clase semántica. Así, Levin (1993: 41-42) asocia a conativa en inglés a clases como *verbs of contact by impact* (e.g., *hit, swat*), *verbs of cutting, spray/load verbs* ou *verbs of ingesting* (e.g., *drink, eat*), mentres que para outras clases como *touch verbs* e *destroy verbs* non é posíbel esta alternancia. Porén, existe variación interlingüística nos tipos de verbos que permiten unha alternancia, como mostran Frense / Bennett (1996) no seu estudo contrastivo entre alemán e inglés. Por exemplo (Frense / Bennett 1996: 309-310), todos os verbos que permiten a alternancia conativa en inglés tamén a permiten en alemán, mais nesta lingua tamén se dá con verbos de creación (e.g., *construír, tecer*), cos cales non é posíbel naquela.

En galego, existe unha alternancia obxecto/oblicuo, xa ilustrada, que mostra moitas menos restricións no conxunto de predicados a que se pode aplicar: todos os verbos dinámicos e durativos —realizacións e actividades, nos termos de Vendler (1957, 1967)— poden realizar o seu argumento interno, sempre que sexa directo, como un SP nucleado por *en* (Míguez 2015: 28, 32-37).

Aquí xorde a cuestión de se este fenómeno do galego debe ou non ser considerado unha manifestación de conativa. Na literatura sobre o tema (Moure 1999, 2010; Rivas 2002; Riveiro Costa 2004; Rodríguez Guerra 1997; entre outros) abundan as referencias a outras linguas, mais este asunto nunca se abordou. A amplitude de verbos con que se dá a alternancia do galego, en comparación co inglés e o alemán, así como a ausencia de contraste entre a forma directa e a indirecta no caso das actividades (Míguez 2015: 48), parecen desaconsellar a utilización deste termo.

Sexa como for, a construción do galego encaixa, nalgúns casos, co que suxire o concepto de conativa tal e como o entende Levin (1993:42): "the use of the verb in the intransitive variant describes an attempted action without specifying whether the action was actually carried out".

- (6) a. As vítimas foron basicamente os prisioneiros submisos que comeran o caldo de fungos.
(TILG, MEFARN986)
b. Carmela estaba comendo no caldo e non semellaba atenta ao que dicía a súa curmá.
(TILG, IGTRAP012)

Os exemplos da serie (6), aínda que non constitúen un par homoxéneo, serven para ilustrar certas tendencias: as formas con OD, como (6a), asóciáanse frecuentemente a accións culminadas en que o obxecto foi totalmente consumido; por contra, as formas con OBL, como (6b), non son compatíbeis con este tipo de lecturas e mostran o evento no seu desenvolvemento. Porén, unha forma como *Carmela estaba comendo o caldo* é perfectamente posíbel, o cal require dicir que a forma con OD é a non marcada do par OD/OBL, pois posibilita as dúas lecturas referidas.

Estes e outros padróns semánticos poden observarse nas alternancias obxecto/oblicuo das linguas acusativas, aínda que o seu estudo contrastivo só foi abordado moi parcialmente. Tóme-se os traballos xa referidos de Frense / Bennett (1996) e Ghomeshi / Massam (1994), que comparan os datos do inglés cos do alemán e o persa, respectivamente. No primeiro deles, trátase a conativa en relación coas clases semánticas verbais, caso xa mencionado anteriormente; no segundo, obsérvanse certas alteracións no aspecto como resultado da alternancia. Trátase, polo tanto, de operacións morfosemánticas, é dicir, operacións que mudan a configuración morfosintáctica da oración, alterando, asemade, a semántica do enunciado.

3.2. Alternancias obxecto/oblicuo en linguas ergativas: a antipasiva

As linguas ergativas posúen un sistema de marcaxe S/O vs. A. Isto supón que o participante único S recibe a mesma marca que o obxecto transitivo O, gozando o primeiro participante transitivo A dunha marca exclusiva. Podemos comprobar estes feitos nos seguintes exemplos do éuscaro:

- (7) a. *umean kalean erori da*
nen-o rúa-en caer-ASP é
'O neno caeu na rúa.'
b. *emakumeak gizona ikusi du*
muller-a-ERG home-o visto ha
'A muller viu o home'. (Laka 1996: cap. 1, exs. 1a-b)

O caso empregado para codificar S e O é denominado absoluto, o empregado para codificar A ergativo. Este último realízase, en éuscaro, mediante unha marca *-k*, *emakumeak* en (7b), en tanto que o absoluto, como é habitual, non recibe marca explícita (véxase *umean* e *gizona*), sendo o principal pivote gramatical, ao igual que o nominativo nas linguas acusativas (Dixon 1979: 118-122).

A estrutura antipasiva obtense como derivación dunha construción transitiva e caracterízase pola perda de prominencia do segundo argumento, que desaparece ou pasa a marcarse como OBL. Como suxire o termo, a antipasiva é unha imaxe especular da pasiva: nesta, o argumento degradado é o primeiro, naquela, o segundo. Obsérvase os exemplos do groenlandés occidental (esquimó-aleutiana):

- (8) a. *Jaaku-p ujarak tigu-a-a*
Jaaku-ERG pedra coller-TRANS.INDIC-P3.ERG/P3.ABS
'Jaaku colleu a pedra.'
b. *Jaaku ujarak-mik tigu-si-vu-q*
Jaaku pedra-INS COLLER-AP-INTRANS.INDIC-P3.ABS
'Jaaku colleu coa pedra'. (Bittner 1987: 194)

Como observabamos para o inglés, alemán e galego en (3), (5) e (6), respectivamente, en groenlandés occidental, o segundo argumento dun verbo transitivo pode realizarse alternativamente mediante oblicuo, no caso de (8b) o instrumental *-mik*. Tanto na conativa das linguas acusativas canto na antipasiva das ergativas, O pasa de función directa (acusativo ou ABS) a indirecta (instrumental, locativo, partitivo...). Porén, a antipasiva posúe certos trazos paralelos aos da pasiva, nomeadamente, a presenza dunha marca formal explícita³ (*-si-*, para o exemplo anterior do groenlandés occidental) e o paso do participante A (ergativo) da forma transitiva a S (ABS) na forma intransitiva ou antipasiva.

Esta conversión de A en S outorga á antipasiva unha riqueza de funcións estruturais ausente en alternancias como a conativa: dado que, nas linguas ergativas, o absolutivo é o principal pivote gramatical, a operación detransitivizadora coñecida como antipasiva dá acceso ao primeiro argumento a procesos gramaticais como a relativización, o ligamento ou a elisión por correferencia (Comrie 1981; Dixon 1979, 1994; Polinsky 2013; Van Valin 1980). O papel da antipasiva é, en grande medida, análogo ao da pasiva, pois ambas as operacións permiten que argumentos dun verbo transitivo sexan albo de procesos gramaticais a que non poderían acceder doutro modo. Por outras palabras, permiten colocar A ou O na función de pivote S.

A construción antipasiva foi tradicionalmente asociada ás linguas ergativas e, en efecto, existen motivos para vincular esta operación á sintaxe ergativo-absolutiva:

[...] in every language, discourse is organised about a series of 'topics', which are most often human, and controllers of actions, and thus most likely to be in underlying A or S function; an S/A pivot condition accords with this while an S/O pivot is at odds with it. A language with thoroughgoing ergative syntax *must* have an antipassive derivation, to feed its S/O pivot, otherwise it could not operate (Dixon 1994: 174).

Non obstante, hai quen considera que non existe correlación entre antipasiva e ergatividade. Givón (2001: 168-173) identifica diferentes tipos de antipasiva con base no denominador común da degradación do paciente. Desta maneira, serían mostra de antipasiva en linguas acusativas a elisión do segundo argumento (*ela come*), a presenza de obxectos plurais, indefinidos ou non referenciais (*le libros a moreas, acostuma comer pizza*) e a democión do obxecto a un caso oblicuo, como acontece nas alternancias citadas no apartado anterior. Nesta liña, Polinsky (2013: 3) afirma que "The transitive/antipassive alternation is simply more visible in an ergative language, where it typically involves a change in subject case marking from ergative to absolutive". Porén, a autora trata a conativa do inglés como diferente da antipasiva cando, seguindo a súa propia definición, non habería motivo para falar de dúas construcións distintas. Aliás, a mesma autora indica que as funcións semánticas e discursivas da antipasiva poden variar entre as linguas, o cal apoia a visión sintáctica de Dixon (1979, 1994).

A principal función da antipasiva é colocar o participante A na posición gramaticalmente privilexiada S. Nas linguas acusativas, onde existe un sistema de marcaxe S/A vs. O, non é necesario, nin posíbel, tal movemento.

A promoción de A trae consigo necesariamente a democión de O: para o primeiro argumento poder adquirir caso absolutivo, este ten que deixar de ser ocupado polo segundo participante. Existen aquí dúas posibilidades lóxicas. A primeira opción é que o segundo argumento desapareza completamente. Isto é moi común en chamorro (austronesia), onde máis do 60% dos casos de antipasiva carece de segundo argumento explícito (Cooreman 1988: 572). A segunda opción é que se dea unha degradación morfosintáctica, de maneira que O deixe libre o absolutivo e sexa codificado mediante unha función sintáctica indirecta, como acontecía no exemplo (8) do groenlandés. Este último caso é o que trataremos neste traballo, por constituír unha manifestación de alternancia obxecto/oblicuo comparábel coa conativa e outras operacións afíns das linguas acusativas.

³ Aínda que Dixon (1994: 146-147) propón este criterio como necesario para que unha operación sexa considerada antipasiva, o certo é que se documentan usos de antipasiva sen marca explícita en inuktitut (Spreng 2012: 14-16), samoano (Maldonado 2007: 844-845) e maia iucateco (Krämer / Wunderlich 1999: 458-459). Nestes casos, a antipasiva está implícita nas marcas dos participantes ou na flexión verbal (padróns de concordancia, marcas de intransitividade).

A tipoloxía bosquexada aquí ten, como todas, certa dose de simplificación. Apuntouse que a antipasiva é unha operación cuxo obxectivo fundamental é colocar A en posición S, outorgándolle relevancia gramatical ao primeiro argumento. Deste xeito, a posibilidade de antipasiva en linguas acusativas queda excluída. Non obstante, existen alternancias obxecto/oblicuo en linguas ergativas que non supoñen o paso de A a S, nas cales se observan efectos semánticos análogos aos da conativa. É este o caso do warlpiri (pama-nyungan), lingua en que o segundo argumento pode codificarse alternativamente como ABS ou como OBL, sen que esta mudanza leve aparelada unha alteración na codificación do primeiro argumento, que se realiza como ergativo en ambos os casos (Guerssel *et al.* 1985). Isto levou os autores a falar de conativa, e non de antipasiva, en warlpiri.

As distintas operacións tratadas neste terceiro apartado teñen como denominador común a degradación morfosintáctica do segundo argumento. Este movemento pode responder a unha necesidade da sintaxe básica da lingua, caso da antipasiva, que posibilita o acceso do primeiro argumento a certos procesos gramaticais, ou pode destinarse a alterar certas propiedades semánticas do enunciado, como acontece coa conativa. Sexa como for, o cambio de configuración gramatical ten un impacto sobre a semántica do argumento e do enunciado no seu conxunto en ambos os casos, como veremos a seguir.

4. PROPIEDADES SEMÁNTICAS DAS ALTERNANCIAS OBXECTO/OBLICUO

No marco proposto por Hopper / Thompson (1980), a alteración do esquema transitivo prototípico —cun suxeito e un OD— supón unha alteración paralela de certas propiedades semánticas, en concreto aquelas implicadas na efectividade de transferencia da acción dun axente cara a un paciente. Traballos anteriores ao presente (Cooreman 1988; Ghomeshi / Massam 1994; Moure 2010; Rivas 2002) analizaron as alternancias obxecto/oblicuo nestes termos. Os seus resultados son coherentes coa idea de Hopper / Thompson (1980) de que a alteración da codificación do obxecto fai diminuír o grao de efectividade da transferencia, por exemplo, reducindo a afectación do segundo participante. Trátase, como acontecía no plano gramatical, dunha degradación, neste caso semántica, do segundo argumento. Mais a alteración da codificación morfosintáctica ten efectos de significado que alcanzan non só o elemento que muda de realización, senón tamén as propiedades que afectan o enunciado no seu conxunto, como o aspecto. Outra alteración do significado é a relacionada coa axentividade, factor asociado ao primeiro argumento, aínda que a falta de desenvolvemento teórico desta área impide obter resultados concluíntes. A seguir, ofrécese un percorrido polos principais factores semánticos que xogan un papel nas alternancias obxecto/oblicuo.

4.1. Aspecto

A clasificación verbal baseada no aspecto léxico remóntase a Aristóteles e foi revisada e reelaborada por moitos estudosos posteriores. Porén, foi o sistema de Vendler (1957, 1967) o que se tomou como referencia para a maioría do traballo en lingüística. Na súa análise, este autor identifica catro clases verbais —*states* 'estados', *activities* 'actividades', *accomplishments* 'realizacións' e *achievements* 'logros'— que aínda hoxe son amplamente aceptadas. Traballos posteriores (Dowty 1979; Rothstein 2004; Smith 1991; entre outros) elaboraron en maior profundidade estes conceptos, identificando as súas propiedades formais.

O aspecto léxico ou *Aktionsart* fai referencia ao tipo de situación que describe un verbo. Tres propiedades son relevantes neste respecto: dinamicidade, telicidade e duración (Smith 1991: 19-20). Estas dan lugar ás catro clases verbais xa mencionadas: os estados son as únicas situacións non dinámicas (ademais de seren atélicas e durativas); os logros diferéncianse de actividades e realizacións por seren non durativos ou puntuais (alén de télicos); e as actividades opóñense ás realizacións en termos de telicidade (atélicas aquelas e télicas estas). Todas estas propiedades poden ser identificadas mediante distintos tests (vid. Dowty 1979: 55-60).

O influxo do aspecto na expresión morfosintáctica dos argumentos é unha idea de grande éxito e difusión no campo da lingüística⁴ que se remonta, cando menos, ao xa citado traballo sobre a transitividade de Hopper / Thompson (1980). Desta maneira, o sistema de Vendler de clases aspectuais tería unha relación directa coa realización dos argumentos do predicado. Neste sentido, Hopper / Thompson (1980) sitúan a dinamicidade, a telicidade e a puntualidade entre as propiedades que conforman a transitividade prototípica. Nas seguintes liñas revísase o vínculo entre as propiedades aspectuais e a transitividade.

En primeiro lugar, os eventos dinámicos poden ser transferidos dun participante a outro, a diferenza dos estados. As situacións estáticas non son alleas ao formato sintáctico transitivo (e.g., *Laura coñece a miña amiga*), aínda que si é certo que este formato non representa a súa realización natural. De feito, os estados son os únicos eventos que se poden expresar mediante predicadores non verbais (e.g., *Laura é loura*). Os trazos sintácticos e semánticos destes predicados fan que sexan obviados cando se trata a transitividade e explican en boa medida o papel secundario que ocupan nos estudos lingüísticos.

En segundo lugar, considérase que a telicidade é propia do ámbito transitivo. Esta propiedade léxica dos predicados é identificábel mediante diferentes diagnósticos (vid. Dowty 1979: 56-58; Kearns 2011: 159-165): por exemplo, os predicados télicos, (9a), son máis aceptábeis con modificadores do tipo *nunha hora* que cos do tipo *durante unha hora*; pola súa banda, os predicados atélicos, (9b), só permiten o segundo tipo de modificadores (Dowty 1979: 56).

- (9) a. O ancián bebeu un vaso de cervexa nunha hora/?durante unha hora.
b. O ancián paseou polo xardín ??nunha hora/durante unha hora.

Do punto de vista da estrutura mereolóxica, os eventos télicos son indivisíbeis, isto é, non posúen partes que poidan ser descritas mediante o mesmo predicado (Dowty 1991; Krifka 1998). Ademais, contan coa presenza dun tema incremental (*incremental theme*), que mide o evento e a partir do cal podemos coñecer o seu progreso. Así, o evento descrito polo predicado *beber un vaso de cervexa* componse de subeventos consistentes en inxerir diversas cantidades de líquido. Ningún destes subeventos pode ser descrito mediante *beber un vaso de cervexa*, por non incluíren o punto final inherente a este predicado. Aliás, observando o participante “un vaso de cervexa” podemos saber cal é o desenvolvemento do evento —dependendo de se o vaso está cheo, parcialmente baleiro ou totalmente baleiro saberemos se o evento aínda non comezou, está en progreso ou xa rematou—. Por contra, predicados atélicos como *pasear polo xardín* ou *xogar ás cartas* carecen de culminación e de tema incremental e poden ser aplicados a calquera dos seus intervalos. En consecuencia, os eventos télicos favorecen unha maior transitividade, pois están delimitados por un participante meta cara ao que se orientan e que se ve afectado pola situación descrita polo verbo.

Cómpre sinalar que non debe equipararse, como fan Hopper / Thompson (1980: 270-271), os termos perfectivo e télico. O primeiro pertence ao ámbito do aspecto gramatical, que recolle o punto de vista desde o que se observa o evento (Smith 1991: 61-65) e é manifestado xeralmente mediante a morfoloxía verbal. O segundo, como acabamos de ver, refírese a un compoñente do aspecto léxico. Proba da independencia destes dous elementos son os exemplos da serie (9): ambos os dous presentan o verbo na súa forma perfectiva de pretérito (aspecto gramatical) mais, en relación á telicidade, o primeiro deles é télico e o segundo atélico.

É comprensíbel a identificación télico-perfectivo e atélico-imperfectivo. Os eventos télicos posúen uns límites marcados polo seu punto final inherente, de modo que resulta máis natural observalos na súa totalidade, é dicir, mediante un punto de vista perfectivo. Os eventos atélicos, porén, carecen desa culminación inherente e só posúen unha conclusión arbitraria. Por

⁴ Non obstante, autoras como Levin / Rappaport Hovav (2005: 105-112; Levin 2000; Rappaport Hovav / Levin 1998, 2002) destacan as limitacións do aspecto na realización de argumentos e propoñen unha definición non aspectual das clases verbais, optando por un modelo de descomposición de predicados baseado na estrutura do evento. Máis recentemente, Beavers (2010) fai unha consistente crítica ao modelo de descomposición de predicados, cuestionando a súa autonomía por non capturar propiedades aspectuais relevantes para a expresión dos argumentos e ofrecendo como principais evidencias as alternancias conativa e locativa en inglés.

esta razón, é máis común contemplalos desde o punto de vista imperfectivo, que se centra nas propiedades internas dunha situación sen se referir aos seus límites. O experimento de Delidakis (2007: 222-223) mostra de maneira clara esta tendencia: as/os falantes de grego de idade adulta expresan o 78% dos eventos atélicos mediante morfoloxía imperfectiva, mentres que os eventos télicos son expresados mediante morfoloxía perfecta no 83% dos casos.

En terceiro lugar, Hopper / Thompson (1980) consideran que a puntualidade é propia dos eventos transitivos canónicos. Aínda que os verbos puntuais, os logros, son sempre télicos, non son compatíbeis coa participación volicional do primeiro argumento, outra das propiedades que se postula como propia do máis alto grao de transitividade. Isto pode verse nos exemplos da serie (10), onde se mostra que os eventos puntuais non admiten modificadores como *de propósito*, que implican participación voluntaria por parte do primeiro argumento —en relación con este diagnóstico, véxase máis abaixo 4.3 e particularmente os exemplos (22) a (24)—.

- (10) a. Reparou na súa ausencia #de propósito.
- b. A rapaza chegou #de propósito.

Parece necesario, pois, que o evento teña duración para o primeiro participante poder controlalo. Neste sentido, as realizacións, en tanto que estados de cousas dinámicos, télicos e durativos, son os eventos propios da transitividade. Por outra banda, hai razóns de natureza non aspectual que reforzan esta idea (Levin 1999): as realizacións posúen unha estrutura de evento complexa, a cal se relaciona con situacións causativas que requiren dous argumentos, e exprésanse, xeralmente, mediante o molde transitivo. Desta maneira, se un verbo transitivo posúe tales propiedades, o seu equivalente noutra lingua corresponderá invariabelmente a un verbo transitivo, a diferenza do que acontece con verbos non causativos, que poden ser transitivos nunha lingua (e.g., inglés *like*) e non selo noutra (e.g., galego *gustar*).

As alternancias obxecto/oblicuo, en tanto que operacións detransitivizadoras, son, en principio, aplicábeis a un rango amplo de verbos transitivos. Non obstante, na medida en que as realizacións reúnen os trazos semánticos que máis favorecen a efectividade da transferencia da acción ao paciente, as consecuencias semánticas das alternancias que alteran a transitividade son máis notábeis neste tipo de evento que en calquera outro.

Tómese como exemplo o caso da alternancia xa mencionada do galego. Esta operación require en moitos casos que o evento sexa interpretado como axentivo (vid. 4.3), polo cal non é aplicábel a estados nin a eventos puntuais como os logros, os cales non admiten un suxeito lóxico que actúe intencionalmente. Isto déixanos unicamente cos eventos dinámicos e durativos, i.e. actividades e realizacións. Non obstante, a operación ten como efectos semánticos a redución da afectación do segundo argumento (vid. 4.2) e a perda da telicidade, efectos só observábeis nas realizacións.

Podemos considerar que, do punto de vista aspectual, esta alternancia diatética, ao igual que a conativa, é un mecanismo que forza unha interpretación atélica de verbos tipicamente télicos como son as realizacións. Isto apuntan os datos de Rodríguez Guerra (1997), onde só oito dos 190 verbos diferentes con que aparece a construción con *en* acumulan un terzo das aparicións, correspondendo sete dos mesmos á clase das realizacións (*comer, mallar, roer, facer, segar, apañar e cortar*) e só un á das actividades (*buscar*). Se tomamos un verbo como *comer*, ou o seu equivalente en inglés, na súa forma de pretérito e cun SN definido en singular como obxecto, a forma de OD terá unha lectura télica, (11a) e (12a), mentres que a forma con complemento oblicuo será atélica, (11b) e (12b).

- (11) a. A nena comeu a mazá en cinco minutos/?durante cinco minutos.
- b. A nena comeu na mazá ??en cinco minutos/durante cinco minutos.
- (12) a. John ate the pie in/?for an hour.
- b. John ate at the pie for/?in an hour. (Beavers 2013: 688)

Este recurso é paralelo ao uso de nominais pouco individuados, que tamén levan a unha interpretación atética do evento:

- (13) a. A nena comeu mazá/mazás ??nunha hora/durante unha hora.
b. John ate pie/pies ??in an hour/for an hour.

As alternancias obxecto/oblicuo sitúanse na liña dos mecanismos que alteran o aspecto do evento modificando a configuración do segundo argumento, coa diferenza de que o emprego da preposición non altera, necesariamente, a referencialidade do obxecto. Non obstante, si é certo que a atelicidade da construción con complemento oblicuo, e a súa consecuente preferencia polas formas aspectuais imperfectiva, habitual e iterativa, leva a unha presenza maioritaria de obxectos de referencialidade media e baixa⁵, como corresponde a eventos episódicos nos que a identificación dos referentes non é crucial para a comunicación.

Nos traballos sobre linguas ergativas, o uso da antipasiva é asociado de maneira terminante ao aspecto imperfectivo e á atelicidade: así, en chamorro, a antipasiva é empregada para se referir a unha acción iterativa (Cooreman 1988: 583-584), mentres que Krämer / Wunderlich (1999: 455) afirman que a antipasiva en maia iucateco “produce” verbos intransitivos “inherentemente imperfectivos”. Tchekhoff (1987: 61-62), pola súa parte, ofrece información interesante sobre algunhas linguas australianas da familia pama-nyungan: por exemplo, en gugu-yimidhir, o verbo *gundal* ‘matar, golpear’, na súa derivación antipasiva, non especifica a fin do evento (i.e., o evento é atético), e en yandruwandha o molde antipasivo é empregado para expresar unha operación xeral ou indefinida do tipo *eu comía* ou *el come pouco*. Evidencias semellantes pódense atopar na literatura en referencia ao groenlandés (Bittner 1987), samoano (Maldonado 2007) ou inuktitut (Spreng 2012), o cal apoia a idea da interpretación atética e imperfectiva da antipasiva como fenómeno xeral das linguas ergativas (Dixon 1994: 148-149; Polinsky 2013: 4.3). Por outra parte, é moi habitual o uso desta construción para introducir referentes episódicos (Bittner 1987: 196-197; Polinsky / Nedjalkov 1987: 247-248). Un caso extremo é o do yupik (esquimó-aleutiana), lingua en que só entidades definidas poden ocupar a posición de absoluto dun verbo transitivo, de modo que para introducir obxectos indefinidos debe empregarse o esquema intransitivo da antipasiva (Mithun 2000: 94). Fronte a isto, o yukulta (tángkica) require a antipasiva cando o segundo argumento é expresado mediante pronomes de primeira ou segunda persoa (Polinsky 2013: 4.3), as unidades máis altas na escala de individuación. Este contraste mostra que as funcións semánticas e discursivas da antipasiva difiren entre as linguas e aínda esperan a ser estudadas con rigor e profundidade.

4.2. Afectación do segundo argumento

O uso dun verbo transitivo prototípico implica que o evento descrito polo predicado causa un cambio de estado no segundo participante (Dowty 1991: 572-575; Hopper / Thompson 1980: 261-264; Van Valin 1990: 226-228; entre outros). Neste sentido, hai un claro acordo en que a función das alternancias obxecto/oblicuo é a de cancelar ou mitigar os efectos deste cambio de estado. Véxase a evidencia que ofrece o danés.

- (14) a. *Han skød sin kone, men ramte hende ikke.
‘El disparou á súa muller, mais non lle deu’.
b. Han skød på sin kone, men ramte hende ikke.
**‘El disparou na súa muller, mais non lle deu’. (Durst-Andersen / Herslund 1996: 76)

⁵ Para o caso do galego, tómense os datos de Rodríguez Guerra (1997), onde un 26% das unidades introducidas pola preposición *en* son pronomes persoais e só un 4% SN sen determinación, os cales constitúen os dous extremos da escala de referencialidade. Na maioría de casos —arredor do 70%—, a preposición *en* é acompañada por SN non animados con algún tipo de determinación, isto é, elementos de referencialidade media e baixa.

A negación da efectividade do evento é compatíbel coa forma intransitiva (14b), mais non coa transitiva (14a). Isto demostra que o uso de *pá'en'* en danés para introducir o segundo argumento de certos verbos transitivos resulta na redución da afectación deste participante. Efectos similares obsérvanse nas alternancias obxecto/oblicuo do inglés (Beavers 2013; Levin 1993: 41-42), alemán (Frense / Bennett 1996), warlpiri (Guerssel *et al.* 1985), persa (Ghomeshi / Massam 1994) e na antipasiva das linguas ergativas (Dixon 1994: 148-149; Hopper / Thompson 1980: 263; Polinsky 2013: 4.3; entre outros), como é o caso do samoano (Maldonado 2007: 844-845), chamorro (Cooreman 1988), groenlandés occidental (Bittner 1987) ou inuktitut (Spreng 2012: 67-79). Véxanse os exemplos do samoano (austronesia), cuxo predicado '*ai* 'comer' mostra os mesmos efectos na alternancia antipasiva.

- (15) a. Sa 'ai e le teine le i'a.
 PASADO comer ERG a nena o peixe
 'A nena comeu o peixe'.
 b. Sa 'ai le teine i le i'a.
 PASADO comer a nena LOC o peixe
 'A nena comeu *no* peixe'. (Maldonado 2007: 844)

Segundo Maldonado (2007), a forma transitiva (11a) supón que o paciente, "o peixe", en absoluto, está totalmente afectado polo evento descrito polo verbo, o cal quere dicir que a nena comeu o peixe na súa totalidade. Por contra, a construción antipasiva (11b) só implica unha afectación parcial do segundo argumento, realizado como oblicuo.

Tense argumentado que este mesmo factor, a afectación, é o que motiva a alternancia entre un obxecto e o OBL con preposición *en* do galego (Moure 2010: 90; Rivas 2002: 258-259). Sen dúbida, este é o caso para predicados como o *comer* de (2). Proba do papel que xoga a afectación nesta alternancia é a diferenza de aceptabilidade entre a forma transitiva e a intransitiva ante un obxecto cuantificado co indefinido *todo*.

- (16) a. Comeu todo o peixe.
 b. ?Comeu en todo o peixe.

Este indefinido serve para se referir á totalidade dunha entidade. No caso dun verbo como *comer* na súa forma transitiva (10a), o uso de *todo* como cuantificador do obxecto implica a afectación de cada parte do mesmo. A escasa, se non nula, aceptabilidade do mesmo cuantificador do obxecto coa forma intransitiva (10b) é unha proba clara de que a alternancia aplicada a verbos como *comer* reduce a afectación do segundo argumento, que non se pode ver afectado na súa totalidade (a única interpretación viábel neste segundo caso sería a da afectación parcial de cada unha das partes do obxecto que, en tal suposto, debería ter unhas dimensións considerábeis).

A noción de afectación foi tratada tradicionalmente de maneira intuitiva, sen que se ofrecese unha definición lingüística da mesma nin uns mecanismos fiábeis para detectala. Só moi recentemente, Beavers (2011) ofrece unha definición rigorosa e uns diagnósticos para identificar esta propiedade dos predicados. Así, a afectación é caracterizada como a transición dun paciente por unha escala, a cal codifica unha propiedade ou dimensión do paciente e define a mudanza efectuada sobre o mesmo (vid. Beavers 2011: 350-352). Por exemplo, nun enunciado como *alargaron a estrada 12 metros*, o predicado coloca o segundo participante nunha escala que recolle a súa largura e especifica que o seu avance en relación con esa dimensión é de 12 metros. No modelo de Beavers (2011, 2013), o progreso na escala é delimitado pola xerarquía de afectación que se mostra en (17).

- (17) The Affectedness Hierarchy: quantized > non-quantized > potential > unspecified

(Beavers 2011: 359)

Neste modelo, as formas alternantes codifican distintos graos de forza a respecto desta xerarquía: se a forma transitiva implica un grao n , a correspondente forma oblicua implica o grao inmediatamente inferior, isto é, $n-1$. O autor ofrece como evidencia a conativa do inglés: un predicado télico como *eat* supón cambio cuantificado (i.e., afectación total) na forma transitiva, mentres que a forma oblicua correspondente na que o obxecto é introducido pola preposición *at* implica cambio non cuantificado (i.e., hai un certo cambio no paciente, sen que se especifique se é total ou parcial).

- (18) a. He ate his fries, #but left nearly all of them behind/#but none of them were eaten.
- b. He ate at his fries, but left nearly all of them behind/#but none of them were eaten.

(Beavers 2013: 697)

A construción conativa (18b) é compatíbel coa cancelación do cambio total, mais non é posíbel afirmar que non houbo ningún cambio en absoluto. Pola súa parte, a forma transitiva (18a) implica afectación total que, polo tanto, non pode ser cancelada —véxase Beavers (2011: 359-361) para detalles sobre os diagnósticos—. O mesmo test pode ser aplicado á construción con preposición *en* do galego, con idéntico resultado.

- (19) a. Comeu as patacas, #mais deixou algunhas/#mais deixounas todas.
- b. Comeu nas patacas, mais deixou algunhas/#mais deixounas todas⁶.

(Nótese que o descenso de afectación en verbos télicos vai da man da interpretación atética do evento, pois telicidade e afectación total implícanse mutuamente (Beavers 2013). A xa amenadada noción de tema incremental serve para explicar este feito: o descenso en afectación resulta en que o segundo participante non poida desempeñar a función de medir o evento ou, se se prefere, un participante que non mida o evento non pode ser totalmente afectado).

Non obstante, a afectación non permite dar conta da totalidade dos datos do galego. Como se apuntou máis arriba, a alternancia con preposición *en* dáse non só en realizacións, senón tamén en actividades. Estas últimas, como indica Beavers (2013: 692), asóciase a cambio non especificado, o que equivale a estar presente no evento ou, por outras palabras, a non estar necesariamente afectado. Verbos como *buscar* vincúlanse a este último chanzo da xerarquía de afectación e mostran, en galego, a alternancia obxecto/oblicuo. Da lóxica do modelo despréndese a imposibilidade de explicar estes casos con base na afectación: se un predicado na forma transitiva asocia o segundo argumento coa posición máis baixa da xerarquía, a súa forma oblicua non pode situalo nunha posición inferior, pois esta non existe. O test empregado para detectar cambio non cuantificado é a incompatibilidade coa construción *o que lle pasou a X foi Y*.

- (20) a. ??O que lle pasou ao can foi que o dono buscou.
- b. ??O que lle pasou ao can foi que o dono buscou nel.

Estes datos reforzan a idea das realizacións como eventos prototípicos da transitividade: a súa detransitivización mediante a construción oblicua do segundo argumento ten consecuencias semánticas paralelas en relación coa afectación, que descende, e a telicidade, que desaparece. Estes mesmos resultados non se obteñen cando a mesma construción se aplica a outros predicados, como as actividades, de baixa afectación e atéticas. Neste último caso, o emprego do mecanismo pode verse como un reforzo dos valores en cuestión, xa presentes no predicado, en especial cando se trata de contextos durativos, nos cales é común o uso da preposición nas realizacións.

⁶ Téñase en conta que este tipo de probas pode resultar pouco natural e que non se pretende mediante elas evocar exemplos de uso real, senón constituír pares que permitan analizar un determinado aspecto lingüístico. Neste caso, para tirar conclusións en relación coa afectación, emprégase a forma de pretérito en ambos os exemplos, a pesar de que, como mostran os datos de corpus que ofrece Rodríguez Guerra (1997), a construción con *en* do galego é pouco frecuente nesta forma do verbo.

A modo de conclusión, pódese afirmar que a afectación está determinada, nomeadamente, por dous factores. Por unha banda, o formato sintáctico transitivo asóciase cunha maior afectación que os formatos intransitivos, polo menos no caso dos predicados de dous lugares. Por outra banda, os trazos aspectuais do predicado determinan que grao de afectación se verifica sobre o segundo argumento. Aínda que independentes, estes dous factores interactúan entre si para dar lugar a diferentes niveis de afectación. As alternancias estudadas constitúen un caso paradigmático desta interacción.

4.3. Axentividade

Un axente animado e con vontade propia é un dos participantes chave nunha situación transitiva prototípica (Hopper / Thompson 1980: 252). Por unha parte, a animación supón que o primeiro participante dun evento transitivo ten potencial para actuar intencionadamente e controlar o estado de cousas: compárese, neste sentido, *a rapaza pechou a porta* con *o vento pechou a porta*. Por outra parte, a volicionalidade implica a participación voluntaria do primeiro participante no evento: contrástese aquí *a rapaza escribiu a canción* con *a rapaza esqueceu a canción*. Salvando os casos de personificacións, volicionalidade sempre implica animación. A axentividade será entendida como a conxerencia destas dúas propiedades, é dicir, como a presenza dun primeiro argumento que actúa intencionadamente e que, necesariamente, é alto en animación.

Aínda que a axentividade non é unha noción aspectual e está determinada pola estrutura argumental e factores pragmáticos, axentividade e *Aktionsart* parecen non ser totalmente independentes. Proba disto é que algúns dos diagnósticos propostos por Lakoff (1966) para detectar os estados resultaron ser tests para axentividade (vid. Dowty 1979: 110-117). Os estados non son susceptibles de interpretacións axentivas e tampouco admiten as formas continua, (21a), e imperativa, (21b), nin modificadores como *coidadosamente*, (21c), ou *de propósito*, (21d).

- (21) a. ??A rapaza está sabendo a resposta.
- b. ??Sabe a resposta!
- c. ??A rapaza soubo a resposta coidadosamente.
- d. ??A rapaza soubo a resposta de propósito.

Non obstante, é precipitado considerar que estas propiedades ilustradas na serie (21) serven tanto para detectar estados como para identificar eventos non axentivos. A utilidade destes diagnósticos non foi correctamente entendida porque moitos verbos non estativos son axentivos. Porén, a chave para xebrar os tests de axentividade atópase nos logros. Estes eventos non estativos e puntuais son compatíbeis coas formas continua⁷, (22a), e imperativa, (22b), e con modificadores como *coidadosamente*, (22c), mais non con outros como *de propósito*, (22d).

- (22) a. A expedición está alcanzando o cumio.
- b. Alcanza o cumio!
- c. A expedición alcanzou o cumio coidadosamente.
- d. ??A expedición alcanzou o cumio de propósito.

Contextos como (22d) fornecen diagnósticos máis precisos para detectar a axentividade porque refiren directamente á participación voluntaria do primeiro argumento. Con todo, esta proba non é fiábel para detectar predicados que non admiten lecturas axentivas: os verbos que lexicalizan axentividade tampouco admiten a modificación con *de propósito*, mais neste caso por reforzar o significado implicado polo verbo e non por cancelalo, como acontecía nas series (d) de (21) e (22). Da mesma maneira, os verbos lexicamente axentivos tampouco admiten a cancelación da súa implicación semántica con circunstanciais do tipo *sen querer*. Fronte a isto, os

⁷ Os membros desta clase aspectual mostran un comportamento irregular en relación coa forma continua (Dowty 1979: 130, n. 8). Compárese neste sentido a inaceptabilidade de formas como *??está reparando na súa presenza* fronte a outras como *está chegando/gañando* ou a ofrecida no exemplo (22a).

predicados susceptibles de interpretacións tanto axentivas como non axentivas admiten estes modificadores.

- (23) a. A rapaza chegou #de propósito/??sen querer.
b. A rapaza correu ??de propósito/#sen querer.
- (24) a. María matou a Xosé de propósito/sen querer.
b. María asasinou a Xosé ??de propósito/#sen querer.

Nestes exemplos '??' indica que un fragmento é anómalo, por reforzar a implicación, e '#' indica que é contradictorio, por cancelala. Isto é relevante porque tanto os eventos non axentivos, como (23a), canto os axentivos, como (23b), son incompatíbeis cos modificadores en cuestión mais mostran, como xa se indicou, padróns opostos de reforzo e cancelación da axentividade.

Segundo Van Valin (1990: 224), verbos como (24a) non inclúen a axentividade como parte do seu significado léxico, de maneira que, se se omiten os modificadores en cuestión, a interpretación tenderá a ser axentiva, con base nun proceso de implicatura desencadeado pola animación e a propia semántica verbal. Por contra, predicados como (24b) especifican a axentividade lexicamente, é dicir, a axentividade é unha implicación nestes verbos e non unha implicatura, como nos anteriores. As implicaturas son significados adicionais que xorden do contexto e que poden ser cancelados e reforzados. Pertencen, por tanto, ao dominio da pragmática. As implicacións, pertencentes ao dominio da semántica, forman parte do significado léxico dunha unidade e, en consecuencia, non poden ser canceladas nin reforzadas. Desta maneira, cando a axentividade é unha implicación, non son posibles os modificadores *sen querer* e *de propósito*, pois cancelan e reforzan, respectivamente, a participación volicional do primeiro argumento.

En consonancia con isto, os verbos que non implican axentividade admiten suxeitos inanimados, mentres que os que a inclúen no seu significado léxico só permiten entidades altas en animación.

- (25) a. O paquete chegou.
b. ??O paquete correu.
- (26) a. O furacán matou a Xosé.
b. ??O furacán asasinou a Xosé.

Deste xeito é posible diferenciar, dentro dos verbos do tipo (23), entre aqueles que non son axentivos e admiten suxeitos inanimados, como *chegar*, e aqueles que si o son e non admiten este tipo de suxeitos, como *correr*.

Relativamente ás alternancias obxecto/oblicuo tratadas neste traballo, a axentividade parece ser un factor relevante. Por sorprendente que pareza, a construción oblicua do argumento interno supón, nalgúns casos, a participación voluntaria do primeiro argumento. Desta maneira, verbos que non inclúen a axentividade no seu significado léxico, como *espallar*, para o caso do galego, permiten un contraste entre a súa forma transitiva, (27a), compatíbel con interpretacións volicionais e non volicionais, e a súa forma con complemento oblicuo, (27b), sempre axentiva.

- (27) a. Os rapaces espallaban as follas accidentalmente ao pasar.
b. Os rapaces espallaban nas follas #accidentalmente ao pasar.

Outro exemplo da necesidade de participación voluntaria do primeiro argumento na construción oblicua é o seguinte: unha forma exclamativa como *estás a cortar o cable!*, destinada a alertar o destinatario e que presupón que a acción se leva a cabo involuntariamente, non é posible na construción oblicua conservando a interpretación en que o suxeito non actúa de maneira intencionada (*??estás a cortar no cable!*).

Do mesmo xeito, as formas transitivas admiten suxeitos inanimados, (28a) e (29a), mentres que a construción preposicional do segundo argumento xeralmente require que o suxeito actúe

con vontade propia, (28b) e (29b)⁸. O mesmo comportamento se observa na alternancia conativa do inglés, (30).

- (28) a. O vento espallaba as follas.
b. ??O vento espallaba nas follas.
- (29) a. O furacán ía derrubando as torres ao seu paso.
b. ??O furacán ía derrubando nas torres ao seu paso.
- (30) a. The car hit the wall.
b. ??The car hit at the wall. (Beavers 2010: 831, n. 6)

Mentres que as alteracións semánticas nas coordenadas do aspecto e da afectación seguen a liña marcada pola degradación gramatical do segundo argumento, a imposición dunha lectura axentiva na construción oblicua parece ir contra a idea fundamental de Hopper / Thompson (1980: 254-255), segundo a cal o descenso dalgunha das propiedades que conforman a transitividade supón a covariación doutros parámetros, que tamén se desprazarían na dirección da menor efectividade da transferencia do evento.

Canto á construción antipasiva das linguas ergativas, xa se apuntou que este esquema sintáctico supón que o primeiro argumento pasa do caso ergativo ao absoluto, é dicir, abandona o caso típico do axente para tomar o caso propio do suxeito intransitivo. Este desprazamento na marcaxe responde, como xa se indicou, á necesidade da sintaxe da lingua de colocar o primeiro argumento na posición privilexiada S. Porén, é comunmente asumido que esta alteración das marcas ten un reflexo na semántica do enunciado: un suxeito en ergativo posúe maior control sobre o estado de cousas que o seu correspondente absoluto (Comrie 1981: 59-62; Hopper / Thompson 1980: 268-270; Van Valin / LaPolla 1997: 371-373). O comportamento da antipasiva en relación con este parámetro é, en principio, oposto ao das alternancias obxecto/oblicuo de linguas acusativas, aínda que é difícil aseguralo dadas a falta de datos e a imposibilidade de aplicación dos tests.

Os eventos son comunmente caracterizados polas súas características aspectuais, como as bosquexadas no apartado 4.1 desta contribución. Non obstante, a maneira en que os participantes se implican no evento tamén xoga un papel crucial. Neste sentido, en canto o impacto do paciente na semántica do evento foi amplamente discutido e deu lugar a fértiles nocións teóricas como a de tema incremental (Dowty 1991; Krifka 1998) ou a de afectación (Beavers 2011), a influencia das propiedades do rol de axente ou causante na interpretación do evento continúan en boa medida inexploradas. A carencia de recursos teóricos resultado desta situación fai que sexa difícil avaliar con rigor a verdadeira influencia da axentividade sobre o fenómeno tratado neste traballo.

5. CONCLUSIÓN

Ao longo do presente traballo puido observarse a tipoloxía das diferentes construcións que se axustan ao esquema obxecto/oblicuo. A degradación que sofre o segundo argumento nos distintos niveis de análise permite un tratamento unificado das alternancias analizadas. Aínda que a importancia estrutural da construción antipasiva para a arquitectura sintáctica ergativa non ten correspondencia nas construcións das linguas acusativas, o certo é que en todos os casos se verifica un desprazamento dunha función sintáctica directa (ABS, OD ou OI) cara a unha función sintáctica indirecta (OBL). Trátase dun fenómeno de degradación, pois o segundo argumento perde o acceso a certas operacións gramaticalmente relevantes, ao tempo que diminúe a súa prominencia discursiva. Esta menor importancia do referente, sumada á atelicidade propia da

⁸ Como exemplos de uso real da construción oblicua nestes verbos, tómanse os seguintes: *rúbese ás medas a espallar na palla* (TILG, 3MA002917); *Eu creo que ó veren todos aqueles soldados novos desfecendo na cerca e derrubando nas torres aínda pensaban que as cousas lles habían de ir peor* (TILG, CBNCER994).

forma con complemento preposicional, resulta nunha menor individuación das entidades que ocupan o segundo lugar valencial, o cal explica a alta correlación cos aspectos imperfectivo, habitual ou iterativo. Do mesmo modo, a ausencia dunha culminación lóxica que marque o final do evento impide a presenza dun participante que o mida e verifique o seu progreso. Estamos a falar, neste caso, dun descenso da afectación que o evento descrito polo predicado exerce sobre o segundo participante.

Este proceso de alteración gramatical polo cal un argumento directo pasa a ser marcado con preposición ou caso oblicuo supón un descenso cara a valores de baixa transitividade nas tres coordenadas sinaladas (aspecto, individuación e afectación do obxecto), feito coherente coa hipótese de Hopper /Thompson (1980) de que a modificación do esquema sintáctico propio da transitividade altera a interpretación do enunciado.

Fronte a isto, o papel, aínda por esclarecer, da axentividade parece ir na dirección contraria das outras alteracións semánticas observadas, pois as formas con preposición —excepto, quizais, a antipasiva— requiren un primeiro argumento que controle o evento e actúe voluntariamente, trazo asociado á alta transitividade. En calquera caso, o escaso desenvolvemento desta noción teórica aconsella precaución na hora de interpretar os datos.

Por outra banda, a análise das clases verbais permitiu concluir que as realizacións son os eventos máis característicos da transitividade, tanto polos seus trazos aspectuais como pola súa estrutura causativa. Polo tanto, deben ter un lugar preeminente no estudo interlingüístico da transitividade por permitiren estudar como se materializa e como se altera esta propiedade nas diferentes linguas.

A comparación interlingüística supón, como todo labor teórico, certa dose de simplificación. Polo xeral, trátase a conativa, a antipasiva ou os complementos con *en* do galego como fenómenos separados e, con certeza, existen elementos que os distinguen. Non obstante, abstraerse das diferenzas permite observar que os feitos dunha lingua concreta non son máis que a manifestación dunha operación moi estendida entre as linguas a nivel xeral, neste caso unha operación de degradación do segundo argumento que, como non pode ser doutra maneira, se materializa de xeito particular en cada lingua.

AGRADECEMENTOS

Agradezo a Francisco Cidrás os seus comentarios sobre unha versión previa deste traballo, dos cales quizais non tirei todo o proveito que debía. Tamén teño que agradecer o labor das dúas persoas anónimas que revisaron este artigo e contribuíron a melloralo substancialmente por medio das súas observacións e suxestións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Adams, Catherine M. (2001): *The Conative Alternation: An exploration of semelfactives and the elusive non-Theme Patient*. University of Canterbury. Tese de Máster. <http://www.arts.canterbury.ac.nz/linguistics/documents/ma-thesis/Adams.pdf> (acceso: 31/01/2015).
- Alsina, Alex (1996): *The role of argument structure in grammar*. Stanford, CA: CSLI Publications.
- Beavers, John (2010): "The structure of lexical meaning: Why semantics really matters", *Language* 86(4), 821-864.
- Beavers, John (2011): "On affectedness", *Natural Language & Linguistic Theory* 29(2), 335-370. <http://dx.doi.org/10.1007/s11049-011-9124-6>.
- Beavers, John (2013): "Aspectual classes and scales of change", *Linguistics* 51(4), 681-706. <http://dx.doi.org/10.1515/ling-2013-0024>.
- Bittner, Maria (1987): "On the Semantics of the Greenlandic Antipassive and Related Constructions", *International Journal of American Linguistics* 53(2), 194-231.
- Borer, Hagit (2005): *Structuring Sense*, vol. 2: "The Normal Course of Events". Oxford: Oxford University Press.
- Comrie, Bernard (1978): "Ergativity", en Winfred P. Lehmann (ed.), *Syntactic Typology: Studies in the Phenomenology of Language*. Austin: University of Texas Press, 329-394.

- Comrie, Bernard (1981): *Language Universals and Linguistic Typology. Syntax and Morphology*. Oxford: Blackwell.
- Cooreman, Ann (1988): "The Antipassive in Chamorro: Variations on the Theme of Transitivity", en Masayoshi Shibatani (ed.), *Passive and Voice*. Amsterdam: John Benjamins, 561-593.
- Cooreman, Ann (1994): "A functional typology of antipassives", en Barbara Fox / Paul Hopper (eds.), *Voice: Form and Function*. Amsterdam: John Benjamins, 49-88.
- Delidakis, Sophia (2007): "The acquisition of aspect in child Greek: A production experiment", en Louis de Saussure / Jacque Moeschler / Genoveva Puskas (eds.), *Tense, Mood, and Aspect. Theoretical and Descriptive Issues*. Amsterdam / New York: Rodopi, 215-227.
- Dixon, Robert M. W. (1979): "Ergativity", *Language* 55(1), 59-138.
- Dixon, Robert M. W. (1994): *Ergativity*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Dowty, David (1979): *Word meaning and Montague grammar*. Dordrecht: Reidel.
- Dowty, David (1991): "Thematic proto-roles and argument selection", *Language* 67(3), 547-619.
- Durst-Andersen, Per / Michael Herslund (1996): "The syntax of Danish verbs: Lexical and syntactic transitivity", en Elisabeth Engberg-Pedersen / Michael Fortescue / Peter Harder / Lars Heltoft / Lisbeth Falster Jakobsen (eds.), *Content, Expression and Structure. Studies in Danish Functional Grammar*. Amsterdam: John Benjamins, 65-102.
- Frense, Jutta / Paul Bennett (1996): "Verb Alternations and Semantic Classes in English and German", *Language Sciences* 18(1-2), 305-317.
- Ghomeshi, Jila / Diane Massam (1994): "Lexical/Syntactic Relations Without Projection", *Linguistic Analysis* 24(3-4), 175-217.
- Givón, Talmy (2001²): *Syntax. An Introduction*, vol. 2. Amsterdam: John Benjamins.
- Guerssel, Mohamed et al. (1985): "A Cross-Linguistic Study of Transitivity Alternations", en William H. Eilfortn / Paul D. Kroeber / Karen L. Peterson (eds.), *Papers from the Parasession on Causatives and Agentivity at the Twenty-First Regional Meeting of the Chicago Linguistic Society*. Chicago: Chicago Linguistic Society, 48-63.
- Hopper, Paul J. / Sandra A. Thompson (1980): "Transitivity in grammar and discourse", *Language* 56(2), 251-299.
- Kearns, Kate (2011²): *Semantics*. New York: Palgrave Macmillan.
- Krämer, Martin / Dieter Wunderlich (1999): "Transitivity alternations in Yucatec, and the correlation between aspect and argument roles", *Linguistics* 37(3), 431-479.
- Krifka, Manfred (1998): "The Origins of Telicity", en Susan Deborah Rothstein (ed.), *Events and Grammar*. Dordrecht: Kluwer, 197-235.
- Laka, Itziar (1996): *A Brief Grammar of Euskara, the Basque Language*. Leioa-Donostia: Euskal Herriko Unibertsitatea. <http://www.ehu.es/documents/2430735/0/A-brief-grammar-of-euskara.pdf> (acceso: 20/03/2016).
- Lakoff, George (1966): "Stative adjectives and verbs in English", en A. G. Oettinger (ed.), *Mathematical Linguistics and Automatic Translation*. Cambridge, MA: Harvard University Press. <https://georgelakoff.files.wordpress.com/2014/06/stative-adjectives-and-verbs-in-english-lakoff-1965.pdf> (acceso: 15/05/2015).
- Levin, Beth (1993): *English Verb Classes and Alternations: A Preliminary Investigation*. Chicago: University of Chicago Press.
- Levin, Beth (1999): "Objecthood: an Event Structure Perspective", en Sabrina J. Billings / John P. Boyle / Aaron M. Griffith (eds.), *CLS 35, Part 1: Papers from the Main Session*. Chicago: Chicago Linguistic Society, 223-247.
- Levin, Beth (2000): "Aspect, Lexical Semantic Representation, and Argument Expression", en Lisa J. Conathan et al. (eds.), *Proceedings of the 26th Annual Meeting of the Berkeley Linguistics Society: General Session and Parasession on aspect*. Berkeley: University of California at Berkeley, 413-429.
- Levin, Beth / Malka Rappaport Hovav (2005): *Argument Realization*. New York: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/CBO9780511610479>.
- Maldonado, Ricardo (2007): "Grammatical Voice in Cognitive Grammar", en Dirk Geeraerts / Hubert Cuyckens (eds.), *The Oxford Handbook of Cognitive Linguistics*. Oxford: Oxford University Press, 829-868. <http://dx.doi.org/10.1093/oxfordhb/9780199738632.013.0032>.
- Míguez, Vitor (2015): *Los complementos con preposición en del gallego: una alternancia transitivo/oblicuo*. Universitat Pompeu Fabra. Trabajo de Fin de Máster. <http://hdl.handle.net/10230/24837> (acceso: 13/10/2015).

- Mithun, Marianne (2000): "Valency-changing derivation in Central Alaskan Yup'ik", en Robert M. W. Dixon / Alexandra Y. Aikhenvald (eds.), *Changing valency: Case studies in transitivity*. Cambridge: Cambridge University Press, 84-114.
- Moure, Teresa (1999): "Aspectos da sintaxe do galego desde a perspectiva tipolóxica", en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 751-766.
- Moure, Teresa (2010): "Mallando nos complementos directos: un ornitorrinco na sintaxe do galego", *Revista Galega de Filoloxía* 11, 79-103.
- Polinsky, Maria (2013): "Antipassive Constructions", en Matthew S. Dryer / Martin Haspelmath (eds.), *World Atlas of Language Structures Online*. Leipzig: Max Planck Institute for Evolutionary Anthropology. <http://wals.info/chapter/108> (acceso: decembro 2015).
- Polinsky, Maria / Vladimir Nedjalkov (1987): "Contrasting the Absolutive in Chukchee: Syntax, Semantics, Pragmatics", *Lingua* 71, 239-270.
- Rappaport Hovav, Malka / Beth Levin (1998): "Building Verb Meanings", en Miriam Butt / Willi Geuder (eds.), *The Projection of Arguments: Lexical and Compositional factors*. Stanford, CA: CSLI Publications, 97-134.
- Rappaport Hovav, Malka / Beth Levin (2002): "Change of State Verbs: Implications for Theories of Argument Projection", en Patrick Chew (ed.), *Proceedings of the 28th Annual Meeting of the Berkeley Linguistics Society*. Berkeley: Berkeley Linguistics Society, 269-280.
- Rivas, Javier (2002): "Complementos directos periféricos", en Ramón Lorenzo (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 255-266.
- Riveiro Costa, Xesús (2004): "Transitividade preposicional en galego: v.t. + preposición *en* + obxecto directo", en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade vol. 4*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 149-155.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (1997): "Aspectos da transitividade galega: os complementos con «en»", en Benigno Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos: Universidade de Oxford, 26-28 de setembro de 1994*. Oxford: Centro de Estudos Galegos, 343-352.
- Rothstein, Susan Deborah (2004): *Structuring events: a study in the semantics of lexical aspect*. Malden, MA: Blackwell. <http://dx.doi.org/10.1002/9780470759127>.
- Saco Arce, Juan A (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Sadler, Louise / Andrew Spencer (2001): "Morphology and Argument Structure", en Andrew Spencer / Arnold M. Zwicky (eds.), *The Handbook of Morphology*. Oxford / Malden, MA: Blackwell, 206-235.
- Smith, Carlota (1991): *The Parameter of Aspect*. Dordrecht: Kluwer.
- Spreng, Bettina (2012): *Viewpoint Aspect in Inuktitut: The Syntax and Semantics of Antipassives*. University of Toronto. Tese de Doutoramento. <http://homes.chass.utoronto.ca/~bspreng/ThesisViewpointAspect.pdf> (acceso: 11/09/2015).
- Suñer, Margarita (1988): "The role of agreement in clitic-doubled constructions", *Natural Language & Linguistic Theory* 6(3), 391-434.
- Tchekhoff, Claude (1987): "'Antipassif': aspect imperfectif et autonomie du sujet", *Bulletin de la Société Linguistique de Paris* 82, 43-67.
- TILG = Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/> (acceso: abril 2016).
- Van Valin, Robert D. Jr. (1980): "On the distribution of Passive and Antipassive constructions in Universal Grammar", *Lingua* 50, 303-327.
- Van Valin, Robert D. Jr. (1990): "Semantic Parameters of Split Intransitivity", *Language* 66(2), 221-260.
- Van Valin, Robert D. Jr. / Randy J. LaPolla (1997): *Syntax: Structure, Meaning and Function*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Vendler, Zeno (1957): "Verbs and Times", *The Philosophical Review* 66(2), 143-60.
- Vendler, Zeno (1967): *Linguistics in Philosophy*. Ithaca, NY: Cornell University Press.